



PLAN DE ASISTENCIA Á ANAFILAXIA EN GALICIA: CÓDIGO ANAFILAXIA



Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

Anafilaxia:

É unha reacción de hipersensibilidade grave, xeneralizada, de rápida instauración e potencialmente mortal ante o contacto do organismo cun alérxeno.

Estímase que o 4 % da poboación ten alerxia a algún alimento e un 3% á picadura dun insecto, o que supón que, aproximadamente uns 200.000 galegos poderían sufrir unha reacción ante certas exposicións.

A incidencia real da anafilaxia descoñécese, estimándose a prevalencia entre o 0,3 e o 5,1% da poboación.



Xacobeo 21-22



Nos últimos anos, a admisión nos hospitais por anafilaxia aumentou entre 5 e 7 veces, manténdose a mortalidade estable entre o 0,05 ao 2% independentemente da súa causa. As reaccións inmunolóxicas fronte a alimentos, medicamentos e picaduras de insectos son as máis frecuentes, aínda que poden ser inducidas por calquera axente capaz de producir unha degranulación dos mastocitos ou basófilos.

O diagnóstico inicial é principalmente clínico. Debe sospeitarse unha anafilaxia cando aparece de maneira aguda (en minutos ou poucas horas) unha síndrome rapidamente progresiva que afecta á pel, a mucosas ou a ambas as dúas, e que se acompaña de afectación dixestiva, respiratoria ou circulatoria. A administración precoz de adrenalina intramuscular é o tratamento de elección en todos os ámbitos.

O CÓDIGO ANAFILAXIA

O código anafilaxia é o procedemento de actuación sanitaria baseado no recoñecemento precoz dos signos e síntomas dunha reacción anafiláctica, coa consecuente priorización de coidados e traslado inmediato a un servizo de urxencias hospitalario co fin de mellorar a supervivencia e reducir as complicacións.

O obxectivo é minimizar o tempo transcorrido desde o inicio dos síntomas ata a asistencia clínica e instauración do tratamento indicado.

